

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO E CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL PARA A POSTA A DISPOSICIÓN E XESTIÓN DE VIVENDAS NO MARCO DO PLAN DE ATENCIÓN ÁS PERSOAS SEN FOGAR EN GALICIA 2019-2023 E DO PROGRAMA EUROPEO "TRANSFORMACIÓN DA REDE DE COIDADOS DE LONGA DURACIÓN A TRAVÉS DA CONSTRUCCIÓN, ADQUISICIÓN, REFORMA E MODERNIZACIÓN DE EQUIPAMENTOS".**

**REUNIDOS**

Dunha parte, Ángeles Vázquez Mejuto, conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, en virtude da atribucións que lle confire o Decreto 112/2020, do 6 de setembro, do seu nomeamento (DOG nº 181, do 7 de setembro), na súa calidade de presidenta do Instituto Galego da Vivenda e Solo (en adiante, IGVS), segundo o artigo 4 do Decreto 97/2014, de 24 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica do IGVS (DOG nº 147, do 5 de agosto).

Doutra parte, Fabiola García Martínez, na súa condición de conselleira de Política Social, en virtude da atribucións que lle confire o Decreto 112/2020, do 6 de setembro, do seu nomeamento (DOG nº 181, do 7 de setembro), segundo o artigo 4 do Decreto 216/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social (DOG nº 253, do 17 de decembro).

As partes recoñécense, no concepto no que respectivamente interveñen, capacidade para o outorgamento do presente protocolo e, para o efecto,



## EXPOÑEN

Primeiro.- O artigo 3 da Lei 3/1988, do 27 de abril, de creación do IGVS, establece que a este organismo lle corresponde a realización da política de solo e vivenda da Xunta de Galicia, co fin de garantir os dereitos constitucionais a unha vivenda digna e adecuada, especialmente para os sectores con menos capacidade económica.

Segundo.- De acordo co establecido no artigo 1 do Decreto 216/2020, do 3 de decembro, a Consellería de Política Social é o órgano da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ao cal, ademais daquelas competencias e funcións establecidas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, lle corresponde, de conformidade co Estatuto de autonomía e coa Constitución española, propoñer e executar as directrices xerais do Goberno no ámbito do benestar, que engloban as competencias en materia de servizos sociais, incluíndo as políticas de familia, menores, benestar social, inclusión social, servizos comunitarios, inmigración, atención ás persoas discapacitadas e ás persoas maiores, a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e as políticas de xuventude e voluntariado, na forma establecida neste decreto.

Terceiro.- O 26 de xullo de 2019 elevouse ao Consello da Xunta Informe sobre a aprobación do Plan de atención ás persoas sen fogar en Galicia 2019-2023, co obxectivo de aumentar o impacto das políticas de atención ao senfogarismo e orientalas a súa eliminación, a través dun marco específico, estratéxico e coherente que combine as respostas adaptadas ás persoas en clave preventiva e de atención ás carencias habitacionais e de acompañamento. Este plan enmárcase dentro dun contexto de políticas de protección social en Galicia e, en concreto, a súa aprobación situouse en liña coa predecesora Estratexia de Inclusión Social de Galicia 2014-2020.



A estratexia deseñada no Plan de Atención ás Persoas sen Fogar en Galicia 2019-2023 segue un enfoque multidisciplinar, como amosa a participación de diferentes organismos da Xunta de Galicia na implementación do obxectivo destinado ás persoas sen fogar, tendo especial incidencia no ámbito competencial propio do IGVS a través dun enfoque centrado no acceso a unha vivenda estable (“housing led policies”) mediante, entre outros, o modelo “housing first”. Este modelo consiste en ofertar o antes posible unha vivenda con carácter permanente a persoas sen fogar, ofertando un apoio complementario, principalmente en materia de saúde e servizos sociais. Trátase, polo tanto, de comezar por ofrecer directamente o acceso a unha vivenda, para así facilitar que a persoa logre superar a súa complexa problemática individual e reintegrarse na sociedade.

Cuarto.- Mediante o Acordo do Consello de Ministros celebrado o 20 de abril de 2021 aprobouse a proposta de distribución territorial, para o seu posterior sometemento ao Consello Territorial de Servizos Sociais e do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, do financiamento dos proxectos de investimento no marco do compoñente 22 “Economía dos coidados e reforzo das políticas de igualdade e inclusión social” do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. Posteriormente, o Consello Territorial de Servizos Sociais e do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia aprobou o citado Acordo o 30 de abril de 2021.

Consecuentemente, o 27 de agosto do 2021 asinouse o Convenio de colaboración entre o Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030 e a Comunidade Autónoma de Galicia para a execución de proxectos con cargo aos fondos europeos procedentes do mecanismo para a recuperación e resiliencia. No marco da liña de investimento 1 e dentro do proxecto “Transformación da rede de coidados de longa duración a través da construción, adquisición, reforma e modernización de equipamentos”, a Consellería de Política Social executará as actuacións necesarias para a rehabilitación e a adquisición do equipamento básico dun total de 100 vivendas distribuídas por toda Galicia e que proveñen de diversas titularidades de carácter



público, entre elas as vivendas obxecto de cesión mediante o presente convenio. A finalidade é reforzar os recursos dos servizos sociais para a atención de persoas sen fogar. As devanditas actuacións utilizaranse como recurso na aplicación de metodoloxías de 'housing- first' e ' housing- led' e agrúpanse no proxecto "Promoción de recursos estables de atención a persoas sen fogar e outras formas de exclusión residencial en Galicia". Adicionalmente, o devandito programa, contéplase no borrador da futura Axenda Social Única 2021-2024 baixo a epígrafe "Proxecto NA CASA".

Polas razóns anteriores, as partes comparecentes acordan formalizar o presente convenio de colaboración, que levan a efecto en virtude das seguintes

## CLÁUSULAS

### Primeira.- Obxecto

O obxecto deste convenio é establecer as condicións de colaboración entre as partes para a posta a disposición e a xestión de vivendas no marco do plan de atención ás persoas sen fogar en Galicia 2019-2023 e do programa europeo "Transformación da rede de coidados de longa duración a través da construción, adquisición, reforma e modernización de equipamentos".

### Segunda.- Obrigas do IGVS

En virtude deste convenio, o IGVS obrígase a poñer a disposición da Consellería de Política Social, para que poida destinalas á aloxar a persoas en situación de senfogarismo, as vivendas que se relacionan no Anexo I, así como aquelas outras que durante a vixencia do convenio acorden as partes. As vivendas serán visitadas



con carácter previo á posta a disposición por representantes da Consellería de Política Social.

A posta a disposición das vivendas formalizarase mediante un acta de entrega firmada por representantes designados por cada unha das partes asinantes deste convenio.

A posta a disposición realizarase de maneira gratuíta, sen prexuízo das obrigas previstas na cláusula terceira en relación cos gastos e taxas das vivendas, e durante todo o tempo de vixencia do convenio, salvo que, con anterioridade a esa data, a Consellería de Política Social proceda a devolver a totalidade ou parte das vivendas cedidas para o desenvolvemento do Plan de atención a persoas sen fogar en Galicia.

Adicionalmente, o IGVS autoriza á Consellería de Política Social para que acometa as obras que considere necesarias para o seu acondicionamento coa finalidade de asegurar unhas condicións básicas de habitabilidade.

#### Terceira.- Obrigas da Consellería de Política Social

En virtude deste convenio, a Consellería de Política Social asume as seguintes obrigas respecto a cada unha das vivendas postas a súa disposición polo IGVS:

- Realizar a súa costa as obras necesarias para o seu acondicionamento. Ao finalizar o período de posta a disposición das vivendas, as melloras quedarán a beneficio da propiedade.
- Asumir o pagamento dos gastos de comunidade e de subministracións, así como das taxas que gravan as vivendas.
- Xestionar as vivendas, directamente ou a través de entidades de iniciativa social prestadoras de servizos de inclusión social, velando especialmente polo cumprimento das normas de convivencia e de réxime interior dos edificios nos que se sitúen.
- Responsabilizarse do desaloxo da vivenda cando os seus ocupantes incumpran de modo reiterado as normas de convivencia e/ou do seu uso ou dos edificios nos que



se sitúen, realicen de actividades ilícitas, perigosas, insalubres ou non permitidas ou causen danos nas vivendas ou non edificios nos que se sitúen.

- Asumir os danos que se poidan xerar nas vivendas e a terceiros durante o prazo da posta a súa disposición.
- Devolver, cando o considere procedente e, en todo caso, ao remate da vixencia deste convenio, as vivendas libres de ocupantes e en perfecto estado de uso.

#### Cuarta.- Financiamento

A posta a disposición mediante o presente convenio realizarase a título gratuito e, ao mesmo tempo, non suporá obrigas de contido económico para o IGVS. Non obstante, a Consellería de Política Social asume a obriga de financiar, no seu caso, as obras que considere necesarias para a rehabilitación e a adquisición do equipamento básico das vivendas postas á súa disposición para o que tramitará as licitacións precisas para o desenvolvemento das citadas prestacións.

#### Quinta.- Comisión mixta de seguimento

Coa finalidade de garantir a consecución do obxectivo descrito e de asegurar unha coordinación efectiva entre as partes, constituirase unha comisión integrada por dous representantes de cada unha das partes asinantes, cos seguintes cometidos:

- Propoñer aquelas actuacións concretas que se consideren necesarias para a adecuada posta a disposición das vivendas ou, no seu caso, propoñer a adopción de medidas correctoras.
- Propoñer a resolución de cantas dúbidas e controversias poidan xurdir no desenvolvemento e cumprimento do presente convenio.

A comisión reunirse en sesión constitutiva nun prazo non superior a un mes desde a sinatura deste acordo e así mesmo, xuntarse tantas veces como o soliciten as partes para analizar o grao de cumprimento dos obxectivos fixados, propor a



resolución dos conflitos específicos que puidesen exporse e realizar calquera outra actuación de coordinación que se estime precisa.

#### Sexta.- Réxime xurídico

O presente acordo ten carácter administrativo, rexéndose para os seus efectos polas súas cláusulas, e non sendo de aplicación a lexislación de contratos do sector público, conforme ao disposto no artigo 6.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, sen prexuízo da aplicación supletoria dos principios da lei para resolver as dúbidas ou lagoas que se puideran presentar.

Pola contra, serán de aplicación os preceptos da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público que regulan a figura dos convenios.

#### Sétima.- Vixencia

Este convenio terá unha vixencia de catro anos, desde a data da súa sinatura, podendo prorrogarse por un período adicional outros catro anos mediante o acordo expreso das partes adoptado con, polo menos, un mes de antelación ao seu vencemento.

#### Oitava.- Modificación e resolución

O contido do presente convenio poderá ser modificado antes da súa finalización, por acordo expreso das partes.

Serán causas de resolución do convenio as seguintes:

- . O transcurso do prazo de vixencia do convenio.
- . O acordo unánime das partes asinantes, manifestado por escrito.
- . A imposibilidade legal ou material de continuar co obxecto do convenio.
- . O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes. Neste caso, a Consellería de Política Social procederá a



devolver as vivendas ao IGVS sen que este organismo estea obrigado a asumir gasto algún polas melloras realizadas nas vivendas e/ou polos danos ocasionados a terceiros como consecuencia da ocupación das vivendas mentres durase a posta a disposición.

#### Novena.- Protección de datos persoais

De conformidade co establecido no artigo 14 e seguintes da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, e no artigo 29 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, acceso á información e bo goberno, os asinantes manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan no presente convenio e demais especificacións contidas no mesmo poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

Aínda que os presentes acordos non suporán un tratamento específico de datos de carácter persoal de terceiras persoas, as partes comprométense a tratar os datos persoais que fosen postos no seu coñecemento, no seu caso, unicamente coa finalidade e alcance de executar o establecido no presente convenio, respectando os requisitos establecidos no Regulamento (UE) 2016/679 do parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e na súa normativa de desenvolvemento.

Adicionalmente, as partes asinantes terán a consideración de responsables da información en relación cos datos persoais aos que, no seu caso, teñan acceso no ámbito das súas atribucións e comprométense ao cumprimento das obrigas derivadas da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.



Décima.- Divulgación da existencia deste convenio

As partes poderán participar na promoción, divulgación e difusión das actividades e dos resultados obtidos coma consecuencia da execución deste convenio mediante a correspondente publicación nas súas páxinas web e demais medios de comunicación.

En proba de conformidade, asinan electronicamente este convenio na data indicada.

Polo IGVS

Pola Consellería de Política Social

ÁNGELES VÁZQUEZ MEJUTO

FABIOLA GARCÍA MARTÍNEZ



## ANEXO I Relación de vivendas

1. C2CD68 Conta 1825. Rúa Padre Feijoó, bloque 27, Portal 4, 4º esquerda. Ferrol.
2. C92 060 Conta 1. Ponte de Caranza, Manzana 24, Portal E, 1º dereita. Ferrol.
3. C2CD68 Conta 1885. Rúa Armada Española, B28, Portal 5, 8º C. Ferrol.
4. C82010 Conta 160. Rúa Mourel, Casa R nº1, bloque 23, P1, 6º D. Ferrol.
5. C81 Conta 84. Rúa Choupo, Bloque 7, portal 3, 2º esquerda. Ferrol
6. C82010 Conta 13. Rúa Ponte de Caranza, bloque 22,P2, 1º esquerda. Ferrol
7. C81050 Conta 177. Fernando VI, bloque 3, portal 2, 7º C. Ferrol
8. C2CD68 Conta 1777. Rúa Armada Española, Torre 26. 1ºC. Ferrol
9. LU80050 Conta 30. O Pedregal Nº8 B: A Ptal: 3 Piso: 2 Letra: A. Viveiro.
10. LU80050 Conta 32. O Pedregal Nº8 B: A Ptal: 3 Piso:3 Letra: A. Viveiro.
11. LU80050 Conta 87. O Pedregal Nº5 B: B Ptal: 2 Piso: Bj Letra: B. Viveiro.
12. LU80050 Conta 128. O Pedregal Nº11 B:B Ptal: 5 Piso: 2 Letra: B. Viveiro.

